

Accións de consolidación da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán Memoria 07

Xulia Santiso Rolán

(CONSERVADORA DA CASA-MUSEO EMILIA PARDO BAZÁN)

Hai pouco tiven nas miñas mans -que xa non teñen o tempo que quixeran para solazarse coa lectura- un número da revista *Museo*. Nel, entre “marcos jurídicos” e “condicionamientos legais” asomaba, xuxtaposto, un artigo de Santiago Palomero titulado “los museos y el público: veinte poemas de amor y una canción desesperada”. O texto non era delicado, senón forte, e moi crítico, pero trataba de amor, do amor que nos inspiran a moitos estas institucións que xestionamos, que quixeramos ver criadas, fornidas, recias, con todos os obxectivos logrados, felices; pero que despois de cada convocatoria, tras o esforzo de planificación e de posta en escena, volves comprobar a súa enorme tendencia a parar, a ficar en silencio, languidecentes, inintelixibles para moitos.

Necesitan moita enerxía os museos, e moito cariño, e tamén marcos xurídicos e condicionamentos legais, por suposto, porque todo vén do recoñecemento, da atención constante a estes labirintos que narran e esconden, a este patrimonio que pertence a todos pero que nós debemos conservar e publicitar, e acariñar, que son o museos.

Por iso, dentro desta magnífica, complexa e laboriosa realidade que é xestionar un museo que case vai para cinco anos (cinco anos xa!) novamente, levamos a cabo a valoración anual que significa mirar ese ano 2007 que rematou, e compendiar e reflexionar sobre as actuacións que finalmente fomos quen de levar á práctica, e escribir esta memoria que acompaña a moitas outras olladas sobre a persoa, a produción intelectual e a presenza histórica que significou Emilia Pardo Bazán.

Este ano, novamente, os que a apreciamos na súa valía estivemos de parabéns. As imprentas de Barcelona e Madrid, e algunha de Emérita Augusta que nós saibamos, soaron –co son que fagan hoxe en día as imprentas- con textos da escritora; investigadores e editores propuxeron e aceptaron reedicións de contos, novelas e artigos variados, recompiláronse e analizáronse temas, formas e modos producidos por ela, incluído un “videodisco” de “El indulto”, a película do ano 61 dirixida por Sáenz de Heredia, sobre unha novela de Pardo Bazán; pero o lugar onde máis soaron as imprentas foi na Coruña,

grazas á especial atención que a Real Academia Galega, e o seu presidente, Xosé Ramón Barreiro lle vén prestando a esta auténtica protagonista da súa época. Aquí, na Coruña, teñen lugar xa de forma consolidada os Simposios anuais sobre a figura de Pardo Bazán, dirixidos polo profesor González Herrán, e tamén está consolidada esta mesma publicación, a Revista *La tribuna, cadernos de estudos da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán*, dirixida polo profesor Paz Gago. Tanto as Actas do Simposio coma os exemplares desta revista anual, son soberbias probas da actualidade, da pervivencia da escritora.

A investigadora Eva Acosta tamén se ocupou de deixalo claro na intensa e extensa biografía que naceu neste 2007, *La luz en la batalla*, que ilumina, sen parcialidades, todas as facetas desta singular loitadora, e conséguo deixando falar aos que coñeceron a Pardo Bazán, aos que contribuíron a construír o territorio onde ela viviu.

A todas estas actuacións habería que engadir outras moitas reedicións e investigacións das que, penosamente, aínda non temos novas, porque despois de case un quinquenio, aínda queda moito traballo por facer. Traballos de presenza e de publicidade, de deixar clara a nosa intención de dar cabida a todos os esforzos que se deriven do estudo e do coñecemento actual sobre Pardo Bazán para constituírnos no foro onde exista a posibilidade de facelos públicos á comunidade interesada.

A mellor demostración de que Pardo Bazán ten superado a proba da historia son todas estas publicacións, porque un escritor só permanece vivo se é lido, pero tamén hai un movemento continuo na sociedade; no momento de escribir este artigo, a “Dirección General de la Mujer”, da “Consejería de Empleo y Mujer” da Comunidade de Madrid púxose en contacto coa Casa para coordinar a convocatoria do “XI Concurso de Cuento No Sexista”, que este ano levará o nome de “Emilia Pardo Bazán” xa que nas bases desta especificase: convocatoria “Procura que cada año este Concurso sea denominado con el nombre de una mujer que haya contribuído con su vida y/o obra a que las mujeres consigan la igualdad real”. Así mesmo, o club de lectura do centro penal de Teixeira leva o nome “Emilia Pardo Bazán” por deliberada decisión dos seus participantes. Neste momento estamos a preparar unha visita á institución para presentarlles de xeito máis directo esta muller e o seu museo, que por suposto, tamén eles visitarán.

Porque esta é a parte que nos toca, a de xestionar un pequeno museo dunha gran muller. Ano a ano intentamos que a nosa tarefa contribúa a dignificar e facer público (aínda máis) un personaxe que realmente o merece.

Os obxectivos iniciais do museo (“honrar y perpetuar la memoria y la figura de Emilia Pardo Bazán”) constitúen o punto de referencia necesario para a elaboración dun plan de actuación que abarque todos os ámbitos da súa actividade.

Esta organización racional -xa non ideolóxica ou afectiva- de calquera museo constitúese nun tema complexo que abarca numerosas variables legais, sociais, económicas, etc., que fan da súa formulación e desenvolvemento unha tarefa difícil de solventar. Xestión, dotación de medios e persoal, adaptación institucional... Por iso, e a pesar das carencias que posuímos, podemos afirmar que cumprimos coa definición internacional do ICOM, adaptada á normativa galega pola LEI 8/1995, DO 30 DE OUTUBRO, DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA.

O esquema de partida contempla tres realidades a destacar por encima do traballo diario: o ámbito de actuación e os medios cos que conta o museo; os obxectivos xerais e os plans para a consecución destes obxectivos.

Poñer en valor estes elementos, implica deseñar un esquema organizativo apropiado, de xeito tal que a elaboración dun plan adaptado ás necesidades e esixencias do centro sexa operativo.

Neste senso, e apoiándonos no desenvolvemento da lei antedita, o ano 2007 significou unha atención aos seguintes campos, que serán desenvolvidos máis abaixo.

ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

Funcións:

- Conservación, catalogación e exhibición ordenada dos ben asignados.
- Investigación dentro da nosa especialidade e ó redor das coleccións.
- Organización periódica de actividades divulgativas e didácticas relacionadas coas especialidades.
- Elaboración e publicación de catálogos e monografías dos fondos e temas relacionados con eles.
- Cooperación con outras institucións do noso ámbito temático.

Obxectivos Xerais:

- Ter en conta os enfoques propios das disciplinas directamente relacionadas co obxecto do estudo.
- Conseguir un museo vivo e dinámico onde se alcance un equilibrio

entre os presupostos científicos e a divulgación de calidade, tanto desde o punto de vista museístico como das actividades didácticas e da difusión.

- Establecer vínculos con outras institucións.
- Conseguir que o museo sexa un lugar de encontro para as actividades museísticas, científicas e culturais relativas ao seu contorno, e que estas poidan ser entendidas polo público.
- Buscar de maneira activa y deliberada a relación co conxunto do grupo social do entorno, aspirando a converterse en centro activo xerador de estímulos culturais.

Consecución dos Obxectivos:

A modo xeral podemos afirmar que o noso traballo vai encamiñado a cumprir coas expectativas e obxectivos culturais, sociais, patrimoniais e de imaxe cos que comezamos.

Aplicaremos a nosa reflexión ao esquema que corresponde á ideoloxía museística que temos presente en todas as actuacións. Continuamos a referirnos á Nova Museoloxía, tan atraínte como instrumento de renovación de valores nos museos, na procura dunha patrimonialización –conservación, presentación e difusión- viva e participativa cara a unha comunidade.

1. PATRIMONIO. UNHA COLECCIÓN.

Le incumbe al conservador encontrar los caminos en los que, primero, pueda ser comprendido el significado social de los objetos individuales; segundo, pueda ser entendido el significado del museo como institución cultural; y tercero, pueda ser apreciado el proceso a través del cual los objetos puedan llegar a componer partes de las colecciones, y las colecciones mismas adquirir un significado colectivo”¹

A principal tarefa e a ferramenta profesional dos museos, consiste en darlle o valor protagonista ao obxecto en si. Por riba desta actividade investigadora de interpretación dos obxectos e das coleccións, sempre en funcionamento, débese ter en conta o tratamento das coleccións a partir dunha actuación coherente.

Debe partir, pois, da responsabilidade de tres actuacións:

¹ Pearce, S. M. (1993): *Museología. Introducción a la teoría y práctica del museo*, Madrid: Ed. Istmo, Fundamentos Mayor.

Na **conservación preventiva**; que se define como o conxunto de accións que levan a asegurar que as pezas da colección non sofren deterioracións, algo complicado en calquera caso, aínda que inescusable, a pesar de que os museos se conciben e potencian como lugares visitables. Na **conservación activa** ou nos procesos e tratamentos destinados a frear a degradación dos obxectos e lograr que estes volvan a súa estabilidade orixinal; e na **restauración**, que tende a reparar danos e a devolver ao obxecto a súa forma, estado e aspecto orixinal.

Aínda que sempre se debe entender a restauración como o último recurso, nalgún caso débese aplicar o procedemento que atalle a súa deterioración. Neste sentido e grazas ás axudas da “Dirección General de Cooperación y Comunicación Cultural”, do Ministerio de Cultura, puidemos optar á **restauración** dunha das máis fermosas pezas do patrimonio da Casa; a Virxe do Leite” (núm. cat. 118). O proceso de restauración completo, que promete ser moi interesante tanto pola calidade da peza, como polos materiais que posúe e o seu tratamento, lévanos a planificar unha pequena exposición fotográfica que amose os procedementos que se levaron a cabo. Deste xeito achegarase ao público unha rigorosa disciplina onde se une a ciencia e a estética, no espazo dunha memoria colectiva que é propio do museo.

Así mesmo, e grazas á mesma axuda, contribuímos a restaurar (ou cando menos a consolidar) unha boa parte dos orixinais do arquivo gráfico da familia Pardo Bazán.

Para elaborar a proposta de restauración de material fotográfico do fondo da Familia Pardo Bazán partiuse da atención a dous grupos de necesidades determinadas por dous factores. Primeiramente polo estado de conservación das fotografías, que nalgúns casos necesitaban unha resposta rápida debido a un deterioro acelerado. En segundo lugar, pola elevada demanda de consultas e reproducións que sofren determinados materiais, que entra en conflito coas medidas de conservación que requiren.

En total, actuouse sobre 39 fotografías, 25 pertencentes ao fondo da Familia Pardo Bazán e 14 procedentes doutros fondos, que consideramos que complementan iconograficamente o fondo anterior.

Este ano, 2008, aprobadas xa ditas subvencións do Ministerio, poderemos encargarnos de restaurar os abanos que posúe a colección.

Renovamos así mesmo o depósito de pezas no pazo de Capitanía e no Museo Militar da Coruña, e acadamos da primeira institución, que se fixera cargo da restauración do marco da peza núm. cat. 5 “Copia de el triunfo de Baco” da autoría de dona Amalia, que tiña unha grave falta de materia nun dos seus lados.

No último trimestre do ano 2007 comezamos a tramitar a documentación de depósito para a exposición temporal “Les filles de la llibertat. Les dones en la construcció de la ciutadanía” organizada polo Museo de Historia de Cataluña e a Dirección Xeral de Cooperación Cultural do Departamento de Cultura da Generalitat de Cataluña, en colaboración co Instituto Catalán de Mulleres, co obxectivo de dar a coñecer a loita das mulleres no proceso de consecución dos seus dereitos políticos, civís e sociais ao longo da historia.

Co fin de ilustrar distintos ámbitos da exposición, pediron o préstamo temporal e por un período de catro meses das pezas que se mencionan a continuación e que forman parte da colección da Casa-Museo:

- Estatuiña de Napoleón Bonaparte. P. L. Kowalczewski. Escaiola policromada. Núm. cat. 113.
- Emilia Pardo Bazán. Gustav Wertheimer. 1887. Óleo sobre lenzo. Núm. cat. 46.

A aprobación do depósito derivarase da restauración e a reprodución das pezas, ademais do correcto tratamento no traslado e na exposición.

2. *COMUNIDADE. UN PÚBLICO.*

I. Público presencial

No medio das tarefas de difusión social que temos encomendadas, quizais a que conceptualmente sexa máis ampla e definidora sexa a de actuar como comunicador de cultura. Este é o noso obxectivo último; achegar o museo á sociedade traballando cara a unha continua emisión de mensaxes atraentes polo seu interese e calidade. Para acadalo deberemos tender todas as pontes e alcanzar o maior abano de sectores da sociedade, entendendo sempre este público como un axente activo e construínte.

• “Os Xoves da rúa Tabernas”

Dende hai case catroa nos, mensualmente, o primeiro xoves de cada mes, o mesmo día que Pardo Bazán recibía neste mesmo espazo, véñse realizando na Casa-Museo unha tertulia de asistencia libre. O número de asistentes oscila entre os 20 e os 40.

Entendendo que o público do museo non é un ente pasivo, receptor dunha mensaxe, cada tertulia é unha experiencia cultural, construtora de opinións, un dinámico xogo de valoracións. A pesar de pertencer a un segmento particular dos usuarios da Casa (adultos, maioría feminina (70%) cunha

os xoves da rúa Tabernas...

O circo de artesanos

"la historia del Circo de Artesanos es la historia cultural de A Coruña"

Este xoves, 1 de outubro, contaremos cos presentes da A Coruña, presidente de Institucións.

O primeiro xoves de cada mes, o Casa Museo Emilia Pardo Bazán organiza a presenza das VELADAS LITERARIAS doutra época.

Casa Museo Emilia Pardo Bazán
Rúa Tabernas, 11, 15001 A Coruña
Tel. 981 227 141 www.museoemiliapardo.com

os xoves da rúa Tabernas...

Emilia Pardo Bazán

"los honores no valen lo que el trabajo"

Emilia Pardo Bazán

Este xoves, 4 de setembro, contaremos cos presentes da poesía e profesora emérita Angeles Susaeta Novás

O primeiro xoves de cada mes, o Casa Museo Emilia Pardo Bazán organiza a presenza das VELADAS LITERARIAS doutra época.

Casa Museo Emilia Pardo Bazán
Rúa Tabernas, 11, 15001 A Coruña
Tel. 981 227 141 www.museoemiliapardo.com

os xoves da rúa Tabernas...

participa nun programa da TVG

LIBRO ABERTO

A Tribuna Tribuna é un programa de cultura e mediación, de que participa Libro Aberto grazas a unha colaboración para facer a presentación do libro de poesía "Periplo do século de autor corués Manuel Casares Novás"

Non se participa

Casa Museo Emilia Pardo Bazán
Rúa Tabernas, 11, 15001 A Coruña
Tel. 981 227 141 www.museoemiliapardo.com

os xoves da rúa Tabernas...

MANUEL RIVAS

"mentiras li falas, no non teño frias"

Este xoves, 11 de novembro, contaremos cos presentes de Manuel Rivas, escritor.

O primeiro xoves de cada mes, o Casa Museo Emilia Pardo Bazán organiza a presenza das VELADAS LITERARIAS doutra época.

Casa Museo Emilia Pardo Bazán
Rúa Tabernas, 11, 15001 A Coruña
Tel. 981 227 141 www.museoemiliapardo.com

os xoves da rúa Tabernas...

PRISCILIANO

"Prisciliano é a máis poderosa individualidade da historia de Galiza"

Rubén Otero Patranya

Este xoves, 8 de novembro, contaremos cos presentes de Victorino Pérez Prieto, teólogo e escritor...

O primeiro xoves de cada mes, o Casa Museo Emilia Pardo Bazán organiza a presenza das VELADAS LITERARIAS doutra época.

Casa Museo Emilia Pardo Bazán
Rúa Tabernas, 11, 15001 A Coruña
Tel. 981 227 141 www.museoemiliapardo.com

os xoves da rúa Tabernas...

NILO CASARES

pasaron pais, as you faced

Quando mi hai spetto la proposta di partecipare al testo, ho pensato.

CASA DE CITAS HOUSE OF WORDS

Este xoves, 1 de febreiro, contaremos cos presentes de Nilo Casares, comisario crítica de arte

O primeiro xoves de cada mes, o Casa Museo Emilia Pardo Bazán organiza a presenza das VELADAS LITERARIAS doutra época.

Casa Museo Emilia Pardo Bazán
Rúa Tabernas, 11, 15001 A Coruña
Tel. 981 227 141 www.museoemiliapardo.com

os xoves da rúa Tabernas...

Murguía e o celtismo

"os galegos, vástago fecundo das celtas"

Manuel Martínez Murguía

Este xoves, 12 de abril, contaremos cos presentes de Henrique Rabuñal, profesor e escritor...

O primeiro xoves de cada mes, o Casa Museo Emilia Pardo Bazán organiza a presenza das VELADAS LITERARIAS doutra época.

Casa Museo Emilia Pardo Bazán
Rúa Tabernas, 11, 15001 A Coruña
Tel. 981 227 141 www.museoemiliapardo.com

os xoves da rúa Tabernas...

Fundación Luis Seoane

Este xoves, 10 de setembro, contaremos cos presentes de Manuel Rodríguez, escritor, crítico de teatro e xornalista doutra época.

O primeiro xoves de cada mes, o Casa Museo Emilia Pardo Bazán organiza a presenza das VELADAS LITERARIAS doutra época.

Casa Museo Emilia Pardo Bazán
Rúa Tabernas, 11, 15001 A Coruña
Tel. 981 227 141 www.museoemiliapardo.com

os xoves da rúa Tabernas...

Xornalismo Cultural

"Sostiene Pereira que a CULTURA É ..."

Este xoves, 13 de decembro, contaremos cos presentes de Manuel Rodríguez, xornalista de la Voz de Galicia e Radio Voz

O primeiro xoves de cada mes, o Casa Museo Emilia Pardo Bazán organiza a presenza das VELADAS LITERARIAS doutra época.

Casa Museo Emilia Pardo Bazán
Rúa Tabernas, 11, 15001 A Coruña
Tel. 981 227 141 www.museoemiliapardo.com

gran receptividade e inquedaanza cultural), crúzanse nel variadas formas de entender e de dar sentido á nosa realidade.

A continuación segue unha relación dos persoeiros invitados a introducir o tema, e dos temas que se trataron no ano 2007:

- Xaneiro: “Manuel Rivas”
- Febreiro: Nilo Casares. Arte Actual. “Casa de Citas”
- Marzo: Victorino Pérez Prieto. “Prisciliano”
- Abril: Henrique Rabuñal. “Manuel Murguía e o celtismo”
- Maio: Grabación para o programa “libro aberto” de TVG
- Xuño: Rosario Martínez. “Sofía Casanova”
- Xullo: Pilar García Negro. “Feminismo”
- Setembro: Ángeles Quesada. “Emilia Pardo Bazán”
- Outubro: Aurea Rey. “O círculo de artesáns”
- Novembro: Silvia Longueira. “A Fundación Luís Seoane”
- Decembro: Manolo Rodríguez. “Xornalismo Cultural”

• **Visitas didácticas de grupos de escolares**

Esta é a outra vertente que de xeito imprescindible debe ser traballada na Casa-Museo. Esta necesidade non precisa xustificación, unicamente salienta o servizo que pode prestar a Casa se se incorpora ao sistema educativo da zona; propoñendo maneiras diferentes de aplicar os fundamentos académicos fóra da aula, desenvolvendo programas de actividades educativas, formativas e lúdicas, etc. O interese por conectar ambas as institucións (escola e museo) é unha maneira de reforzar a aprendizaxe curricular e de potenciar este último como conservador de patrimonio cultural e como un espazo para a aprendizaxe.

As demandas crecentes da sociedade escolar reflíctense nos resultados, altamente positivos, que se alcanzan nas experiencias que se están a realizar.

É certo que a aula é o contexto máis habitual de aprendizaxe, pero son moitas as investigacións e reflexións que poñen de manifesto algunhas carencias da aprendizaxe escolar; a dificultade na súa conexión coa realidade e coa vida cotiá por mor de cingirse a un temario estrito, e a súa conseguinte falla de motivación e interese para moitos dos alumnos. Unha das axudas que poderíamos ofrecer supón a correcta aplicación ao deseño curricular



dunha didáctica activa, contextual e pragmática, que complementaríase as aprendizaxes formais (aquelas que se dan na aula) coas informais (as que se dan en contextos naturais). Este novo escenario, o museo, é un ámbito privilexiado para promover un acceso ao coñecemento que, conservando o rigor necesario da mensaxe científica, achegue unha nova ollada aos procesos da aprendizaxe clásica apoiándose sempre nela.


Sobre estes principios de cooperación coa aula, deseñouse un políptico onde se determina unha información específica sobre catro tipos de visitas diferentes e os niveis educativos para os que foron concibidas. Este políptico foi enviado a todos os centros escolares da cidade.



Cada unha das guías e fichas didácticas que complementan as visitas é un material impreso pensado como elemento estimulador dos conceptos adquiridos na aula e cuxa confección corre a cargo do persoal do museo coa valiosa axuda do profesorado que nos visita. Pero unicamente se converte en unidade didáctica editada cando se ten avaliado suficientemente, e dicir, despois dunha etapa de seguimento e valoración rigorosa de contidos e de resposta na praxe, tanto polo procedemento a seguir como pola actitude dos receptores, converténdoo así nun elemento de rendibilidade segura.

Este ano estamos a traballar no inxente material que se pode empregar no “Roteiro por Marineda”. É precisamente o múltiple das opcións que Pardo Bazán ofrece, o que nos fai moi difícil elaborar un documento final de algo que ten que funcionar como un suxestivo recoñecemento dun espazo histórico común.

En cambio, para dinamizar a visita dentro do museo centrada nos textos de Pardo Bazán sobre “Marineda”, editamos este ano unha colección de postais da cidade. Cada unha delas amosa un escenario que debe ser recoñecido e tratado polos alumnos e alumnas, e utilizado coma se de verdade se tratase dun envío de correspondencia, escribindo o texto que decidan e enviándolla ao destinatario que elixan. Unha vez completadas, as postais poderían dar pé a unha fermosa exposición reinterpretando a proposta artística do “mail art” ou “arte correo”.



Cómpre salientar que as demandas desta tipoloxía de visitas son crecentes, como se verá na memoria da estatística de visitantes.

En todas as visitas, asumimos a responsabilidade de comunicar e facer apreciar o patrimonio que xestionamos. Para captar a atención do alumnado e transmitirlle a idea da diversidade cultural, facemos fincapé na aventura que supón entrar no xogo do tempo, un xogo divertido e enriquecedor para o que eles amosan ter xa recursos suficientes. Estamos convencidos de que as respostas, as opinións, os posicionamentos postos en común sobre materias xa apreñadas na aula failles sensibilizarse co amplo espectro da cultura, e medrar valorando a propia historia.

- **“Acompañando visitas”. Asociacións de adultos**

Numerosos estudos efectuados con grupos de adultos² amosan que a aprendizaxe non se limita nunca ao plano cognitivo senón que inclúe os planos afectivo e imaxinativo. Nas visitas pois, ademais da información biográfica e literaria, incorporamos a lectura dalgún texto de Pardo Bazán, pero, sobre todo, coidamos o diálogo cos visitantes, porque unha figura da dimensión da escritora non é completamente descoñecida para un adulto, e menos se vive en Marineda. Atendendo a estes trazados e dándolle protagonismo á participación dos visitantes é como obtemos os resultados positivos que nos animan a continuar nesa liña de traballo. Cómpre especificar que a visita máis demandada por estes grupos é a que ten como eixe condutor a Marineda de Pardo Bazán.

O desenvolvemento do programa de visitas para adultos está orientado aos clubs de lectura da cidade, aínda que agora mesmo estamos a traballar nunha actividade especialmente organizada para aqueles grupos que cursan estudos nos Centros de Educación para Adultos.

- **Actividades complementarias**

Propoñemos ademais unha serie de actividades dedicadas a reforzar a programación, seleccionadas pola importancia que teñen no noso campo de traballo e dirixidas a un público obxectivo amplo; en resumo, a organización de toda actividade está pensada en función do público ao que nos diriximos e en función da importancia da actividade per se.

² Dufresne-Tassé y Lefebvre, A. (1995): *Psychologie du visiteur de musée*. Montreal: HMH.; García Carrasco, J. (coord.) (1997): *Educación de adultos*, Barcelona: Ariel.

EFEMÉRIDES

Baseámonos nunha pequena programación ante a falla de persoal e de medios, pero tamén porque sabemos que o éxito das convocatorias, no caso de institucións como a nosa non é fugaz e require, en moitos casos, perseveranza. As convocatorias deben asentarse durante varias edicións para que sexamos quen de sacarlles o maior aproveitamento posible, por iso organizamos os nosos actos cunha intención de sedimento ou goteo. Actividades que cun presuposto baixo permiten a elaboración e configuración dunha programación cultural constante, procurando moitas veces a colaboración con outras institucións.

Neste senso temos en conta dous obxectivos de saída: os beneficiarios da organización de actos deben ser os cidadáns, e fomentamos a cultura de base integrando na programación figuras coñecidas e persoas anónimas que se inician en proxectos culturais interesantes.

Partimos asimismo dunha certa perspectiva na que temos moi claro o que rexeitamos, unha visión inmovilista, elitista e tradicionalista do museo; pola contra, valoramos a tremenda ilusión desinteresada de ir encontrando cada día e con rigor novas solucións que posibiliten unha mensaxe máis atenta ao noso contorno para aumentar a calidade das actividades e involucrar a públicos máis amplos que progresivamente se incorporen ás nosas ofertas.

• **Día internacional da muller traballadora**

Este día ten protagonismo internacional desde 1909³, pero sobre todo a partir do ano 1978 en que é recoñecido polas Nacións Unidas, como un acto de presenza das mulleres na coparticipación da confección da historia da humanidade.

Para conmemorar o Día da Muller Traballadora, pois, propúxose unha nova experiencia, unha nova tentativa de vincular coa sociedade a unha escritora que soubo estar atenta á realidade social e cultural do seu tempo; esta convocatoria levou o título “Ti téis a palabra”, e foi unha convocatoria aberta a todo tipo de mulleres, de todas as culturas e de todos os estamentos profesionais, en activo ou non, traballando dentro ou fóra da casa, que quixeran poñer en común, na súa propia lingua, a lectura dun texto que lles despertou sentimentos, sensacións, curiosidade, estímulo á fin, para alentar o día a día.

³ Álvarez González, Isabel (1999): *As orixes e a celebración do Día Internacional da Muller, 1910-1945*, Oviedo: KRK-Ediciones.

Para acadar a resposta que precisamos, puxémonos en contacto con distintos colectivos de mulleres: Asociación de Mulleres Empresarias, Cruz Vermella, Centros de profesorado, Asociacións de Amas de Casa, etc

Ese día léronse cartas, letras de cancións, poemas, narracións, etc., nun acto dunha gran convocatoria.

• Día Internacional do libro. 23 de abril

Esta data tan simbólica para a literatura universal seleccionouse desde 1930 en España, coincidindo coa tradición festiva catalá de “San Jordi”, e desde 1995 pola Conferencia Xeneral da UNESCO, para render unha homenaxe mundial ao libro e aos seus autores, e alentar a todos a descubrir o pracer da lectura e a apreciar a inestimable contribución dos escritores ao progreso social e cultural.

Este é o texto que encabezou a convocatoria:

Dende as 17 h ata as 21 h do luns 23 de abril, a Casa-Museo Emilia Pardo Bazán súmase á celebración do día internacional do libro e ofrece unha ampla e inescusable banda horaria na que compartir con nós a ledicia das seguintes propostas:



MUSEOS O NOSTRO PATRIMONIO MUSEOS LIBRE CIRCULACIÓN DE IDEAS E EXPERIENCIAS
MUSEOS O NOSTRO PATRIMONIO MUSEOS LIBRE CIRCULACIÓN DE IDEAS E EXPERIENCIAS
MUSEOS O NOSTRO PATRIMONIO MUSEOS LIBRE CIRCULACIÓN DE IDEAS E EXPERIENCIAS
MUSEOS O NOSTRO PATRIMONIO MUSEOS LIBRE CIRCULACIÓN DE IDEAS E EXPERIENCIAS

Casa-Museo  EMILIA
PARDO
BAZÁN

23 de abril

DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO

Dende as 17h. ata as 21 h. do luns 23 de abril, a Casa-Museo Emilia Pardo Bazán súmase á celebración do día internacional do libro e ofrece unha ampla e inescusable banda horaria na que compartir con nós a ledicia das seguintes propostas.

17:00 – 17:50h. POESÍA

MARÍA LAIDO
LUCÍA ALBAO
JAVIER LALANA

17:30 h. LECTURA DRAMATIZADA

“Fas-que-Fas” GRUPO TEATRAL DA FUNDACIÓN WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ.

18:00 – 19:00 h. MÚSICA

RADIO JAZZ, da emisora universitaria Casa FM, fará o seu programa dende a nosa polivalente sala III.

19:00-20:00 h. TEATRO

“TROTACUENTOS TEATRO” que colabora coa ONG “Tierra de homes” representando “O librifón non me levou ao país das maravillas”.

20:00 h. DANZA

CÁNTIGAS DA TERRA dará vida a un texto de Pardo Bazán.



DIA INTERNACIONAL DOS MUSEOS



• Día internacional dos museos

O Día Internacional do Museo celébrase en todo o mundo o 18 de maio desde que, en 1977, o Consello Internacional de Museos (ICOM), propuxese esta actividade na súa XII Asemblea Xeral celebrada en Moscova.

O obxectivo do Día é achegar os museos á sociedade e ao público en xeral, en resposta a un concepto de museo como institución cultural e histórica ao servizo da sociedade e do seu desenvolvemento.

Cada ano, o Día Internacional do Museo celébrase baixo un lema diferente. No ano 2007 foi: “Museos e Patrimonio Universal”. Por iso na nosa convocatoria conxugamos diferentes colectivos de distintas culturas que viven na nosa cidade, presentando os dous valores máis populares da súa forma de vida, a gastronomía e a música; deste xeito participou un colectivo de Senegal, outro de Bolivia, e para representar a Galicia, a Academia Galega de Gastronomía presentou os libros de cociña de Pardo Bazán e a agrupación cultural “Cántigas da Terra” levou a cabo unha foliada na que acabamos participando todos.

A actividade incorporouse de xeito natural na noite dos museos, que forma parte do calendario anual de festivais e eventos museísticos e busca, de xeito estratéxico, adoptar novos públicos.



Esperamos que esta noite do 18 de maio se converta nunha celebración recorrente, e convocar, esa noite de primavera, como museos protagonistas dunha gran festa cidadá, como axentes do cambio social e do desenvolvemento.

En maio de 2008 renovárase esta singular proposta convocando a participar nesta celebración cultural urbana a todas as Casas-Museo da cidade, vinculando a distintas zonas da nosa cidade nun sorprendente percorrido, para interpretar o pasado á luz do presente.

Actos variados:

Presentación de asociacións e de libros

- 18 de xaneiro, presentación do libro *Un día de treboada*. Escrito por María de Mata e ilustrado por Mariana Riestra. Baía Edicións. Patrocinado polo Servizo Galego de Igualdade da Xunta de Galicia.
- 11 de maio. Recital Internacional de Poesía “Aires Galegos”.
- 19 de outubro. Presentación da asociación de mulleres con cancro de mama, bautizada co nome *Punto e seguido*. Conferencia-coloquio do Dr. Joaquín Mosquera Osés, coordinador do programa galego de detección precoz de cancro de mama.
- 19 de decembro de 2007. *Emilia Pardo Bazán. La luz en la batalla. Biografía*. Escrita por Eva Acosta e editada pola Editorial Lumen.

II. Público no presencial

A pesar de que a visita a un museo é un acto basicamente presencial, existe un amplo abano de servizos que, a modo de respostas, podemos facilitar a un bo número de usuarios que por diversos motivos non se achegan fisicamente. Entre eles están a atención de consultas, tanto dos nosos fondos como de diversos aspectos da xestión museística, incluso relacionadas coas actividades que ofertamos. As novas tecnoloxías sobre todo, o correo electrónico, facilitan (case acaparan, no caso de que o seu funcionamento sexa correcto) este traballo, ofrecéndonos unha excelente oportunidade para responder aos requirimentos da sociedade e así darlle unha dimensión diferente ao acceso aos museos. O fax, o correo postal e o teléfono son as seguintes canles empregadas.

Carecemos aínda de páxina web, que democratizaría máis o acceso á información e ao coñecemento e facilitaría a presenza da institución moito mais aló dos nosos muros. Con ela abriríase un enorme campo de posibilidades para interactuar co público xa non presencial senón tamén virtual.

- **Respostas a investigadores:**

Sempre que puidemos, respondemos a dúbidas de diferentes investigadores, de procedencia tanto galega como española, e así mesmo, de investigadores de Italia, Francia e EE UU.

- **Solicitud de datos desde outros museos.**

Desde xestión de pezas ata datos de xestión museográfica.

- Museo de Belas Artes de Bilbao.
- Casa-Museo Valle-Inclán. Vilanova de Arousa.
- Museo Municipal Quiñones de León. Vigo

- **Corrección de datos:**

A atención á información que se emite sobre a nosa institución levounos a poñernos en contacto con diferentes soportes informativos:

- *Guía de museos de Galicia* da Editorial Nigratrea, Vigo, 2002.
- Diferentes páxinas web, aínda que este tema é de moi difícil control, estamos atentos á necesidade de corrixir os numerosos erros que se detectan, ou de precisar datos sobre a escritora (ou a institución) en diferentes portais ou foros.

- **Envío de textos para publicacións onde se incluírá a Pardo Bazán.**


- **Conferencias en diferentes centros escolares da cidade.**

- **Edición de marca-páxinas** en catro idiomas: castelán, galego, inglés e francés. Estes marca-páxinas utilízanse para enviar periodicamente aos hoteis para publicitar a Casa.



• **Edición de Felicitación de Nadal:**

Este ano editouse un conto de Pardo Bazán seleccionado pola profesora Ángeles Quesada, que así mesmo nos acompañou na tertulia do “xoves da rúa Tabernas” de setembro de 2007, que todos os anos versa sobre a escritora.



3. *UN TERRITORIO. COLABORACIONES.*

Colaboracións institucionais.

Neste senso, desde a Casa-Museo, estamos sempre á procura de incrementar e consolidar as relacións institucionais que poidan favorecer por medio de colaboracións e convenios que deron como froito unha maior participación na investigación e na formación de profesionais.

No ámbito da Coruña

- Co Ateneo Republicano da Coruña, para organizar diferentes actos.
- Coa Fundación Luís Seoane para a conmemoración do Día Internacional dos Museos que tivo lugar en colaboración de ambas as institucións.
- Co Servizo Municipal de Educación do Concello da Coruña.

Este servizo ocúpase dos programas educativos municipais cos que vimos colaborando desde a apertura do museo; un dos seus obxectivos é ofrecer aos centros educativos non universitarios programas educativos estables, de modo que estas actividades poidan integrarse tanto no Proxecto Educativo do Centro (PEC), como no seu Proxecto Curricular (PPC) e nas súas Programacións xerais anuais. A calidade da posta en práctica dos programas educativos son recoñecidas no territorio español.

- Co Centro de Formación e Recursos da Coruña. (CEFORE) dentro do seu Plan Anual de Formación do Profesorado, propoñendo e coordinando o curso “Descubrir as posibilidades e os recursos didácticos dos Museos da Coruña” que se celebrou nas datas 24, 25 de outubro, 6 e 22 de novembro, en horario de 18 a 21 horas.

Este curso derivouse da necesidade de permanente reciclaxe e formación continuada entre os que se ocupan da función educadora do museo e os mestres. Estableceuse unha canle de circulación da información entre profesionais, foros de encontros, seminarios, reunións, etc.

O esforzo de coordinación tivo o seu froito coa definición de dúas mesas de traballo nas que os profesionais da educación e os museólogos elaborarán programas de divulgación e comunicación.

- Coa asociación “Cántigas da Terra” na organización de diferentes actos.
- Coa Concellaría de Cultura do Concello da Coruña, elaborando e presentando o roteiro “As donas da cidade” onde se recolleu boa parte da historia das mulleres na nosa cidade. Decembro 2007.
- Coa mesma Concellaría, colaborando no curso “historias da cidade”. Na Casa-Museo Emilia Pardo Bazán tivo lugar unha das sesións. Decembro 2007.

Da colaboración coa concellería fíxose evidente que podería establecerse unha colaboración máis estreita podendo encamiñarse os esforzos para determinar unha política coordinada de difusión das Casas-Museo coruñesas.

- Coa ONG “Gaia, asociación de ayuda a inmigrantes” na organización de diferentes actos.
- Co Museo Militar da Coruña e o Pazo de Capitanía, institucións nas que se renovou o depósito de pezas do patrimonio da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.
- Coa Universidade da Coruña, firmando o convenio de colaboración de alumnos en prácticas, grazas ao que contamos coa axuda dunha estudante da Facultade de Filoloxía, o que se vén a engadir ao convenio de colaboración de alumnos en prácticas da Escola de Turismo desta cidade. Así mesmo temos participado en diferentes programas coa radio universitaria: Cuac-FM

No ámbito de Galicia

- Co Museo Municipal Quiñones de León, de Vigo. Participando na Exposición “Medir o tempo” onde se cedeu o reloxo do Cura de Ladrado, do patrimonio da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán.
- Co Museo Provincial de Pontevedra, solicitando reprodución de tres fotografías inéditas de Pardo Bazán.
- Coa CRTVG propoñendo, deseñando e facilitando a gravación da Casa Museo para o programa “Revista Fin de Semana”
- Co Consello Galego de Museos onde solicitamos a nosa incorporación. En base á nosa incorporación, engadimos a institución na páxina web do Consello, colaboramos na exposición sobre “Espazos didácticos nos museos de Galicia”, neste momento en itinerancia, e nas IX Xornadas do Coloquio Galego de Museos “Museos, Espazo e Discurso”, celebrado no museo provincial de Lugo os días 26, 27 e 28 de outubro.
- Así mesmo, a Casa-Museo Emilia Pardo Bazán está entre as seis casas-museo recoñecidas polo Sistema Galego de Museos (MUGA). A Consellería de Cultura coordina o Sistema e é quen autoriza e acepta a creación dun museo ou colección visitable dentro da Comunidade Autónoma Galega. Este Sistema Galego de Museos está integrado por museos propiamente ditos e coleccións visitables, de diversas titularidades e tipoloxías, que constitúen unha estrutura organizativa cuxos obxectivos son a cooperación e coordinación entre os centros para un eficaz servizo á sociedade.

No ámbito de España

- Co “Museo Romántico” de Madrid, participación no II Congreso de Casas-Museo, “museología y gestión” organizado polo Ministerio de Cultura, presentando á Asociación de Casas-Museo y Fundaciones de Escritores (ACAMFE).
- Co Museo de Historia de Cataluña. Aceptando e xestionando a solicitude de préstamo de pezas para a exposición. “Les filles de la llibertat. Les dones en la construcció da la cidadanía”.
- Con La 2, de TVE facilitando material, información e o uso do espazo museístico para a gravación do programa “Emilia Pardo Bazán” en Mujeres en la Historia.

En xeral, o obxectivo prioritario é conseguir que o museo funcione de xeito

eficaz, con atención e sensibilidade cara a todos os aspectos do noso traballo, onde o visitante regrese con frecuencia e que incrementemos o contacto de maior calidade co noso público actual e potencial. Neste sentido, engadir que todas as nosas propostas de intervención van cara a esta dirección; a achegar ideas de mellora ao proxecto intelectual global do museo.



TEXTOS DE INTERESE

Asensio, M y Pol, E (1996): "Cuando la mente va al museo: un enfoque cognitivo-receptivo de los estudios de público", en *Actas de las IX Jornadas de los DEACs*. Jaen: Diputación Provincial, 83-133.

García Blanco, A. (1994): *Didáctica del museo. El descubrimiento de los objetos*. Madrid: Ediciones de La Torre.

Martín Serrano, M. et al. (1982): *Teoría de la comunicación*. Madrid: Gráficas Valencia.

Bodei, Remo. (1996): "Sobre la lógica de los Museos", *Revista de occidente*, núm. 177, pp. 21-34.

Olivares, Rosa (1997): "Museos, gustos y disgustos", *Ámbar*, 6, Época 2, pp 20-46.

Valery, Paul (1997): "El problema de los museos", *Ámbar*, 6, Época 2, pp 58.

Santacana, Joan (1998): "Museos, al servicio de quién", *Iber*, 15. pp 39-50.

AA.VV. (1998): "El proyecto: público y museos", *Museo*, 3, pp. 123-148.